

Presentacións

Esta publicación recolle as contribucións presentadas ás xornadas sobre Lino Novás Calvo, organizadas polo Consello da Cultura Galega en xuño de 2014, nas que participaron diferentes especialistas sobre a súa obra e o seu tempo, coa idea de contribuír a que se produza un retorno de Lino Novás á súa Galicia natal, que queremos entender que é «aquele lugar de donde me llaman», como reza o título dun dos seus máis fermosos contos.

Lino Novás Calvo (As Grañas do Sor, 1903-Miami 1983) é un escritor formado en Cuba, a onde emigrou sendo case un neno. Na cidade da Habana traballou en diversos oficios (dependente, libreiro, taxista ou «fotinguero»), pero sen renunciar a unha formación literaria sólida e a un coñecemento de idiomas, como o francés e o inglés, que serían fundamentais na súa carreira de escritor, de xornalista, de tradutor e de profesor na Universidade de Siracusa, durante o seu exilio a partir de 1960. Nunha curta autobiografía que lle enviou ao hispanista alemán W. Pabst en 1932, el mesmo se define: «no soy español ni cubano: soy un emigrante».

Pero a súa biografía non é a do emigrante anónimo. Logrou converterse nun escritor de referencia en Cuba e en España, a partir da publicación do seu romance *El negrero* (Madrid, 1933) e logo de diversos volumes de contos (*La luna nona*, Bos Aires, 1942; *Cayo Canas*, Bos Aires, 1946; *Maneras de contar*, Nova York, 1970 e, de forma póstuma, *Otras maneras de contar*, Barcelona, 2005). Lino Novás Calvo foi tamén un xornalista excepcional, correspondente de revistas como *Orbe* e xefe de redacción de *Bohemia*, a revista literaria máis famosa de Cuba. Foi tamén tradutor, tarefa en que comezou a destacar durante a súa estada en España (cando traduciu libros de A. Huxley, D. H. Lawrence ou H. de Balzac), e logo, nos vinte anos que pasou de novo na Habana (1940/1960), converteuse en tradutor especializado en W. Faulkner e, sobre todo, en E. Hemingway,

quen persoalmente esixiu que fose Lino Novás o que fixese a versión española de obras como *El viejo y el mar*.

Lino Novás Calvo é un autor que ten un saibo cubano por aprendizaxe, pero inequivocamente galego por tradición familiar e mesmo cultural, aprendido na súa infancia ortegá mais tamén no intenso contacto que mantivo na capital cubana coa colonia inmigrante galega. Nunca negou as súas orixes, pero non foi dos emigrantes que esperaban ser recoñecidos nos seus lugares de procedencia. As feridas dunha difícil infancia e a súa condición de fillo de solteira marcaron a ferro as febras máis íntimas da súa personalidade. Cando veu a España en 1931, comezou o seu periplo de regreso pola súa aldea natal, pero nunca máis volveu, se ben mantivo relación epistolar coa súa familia.

Exiliado coa súa muller e a súa única filla nos Estados Unidos desde 1960, podería parecer perdida a súa relación coa terra natal. Pero a súa filla, Himilce Novas, atendeu unha voz interior que lle dicía que seu pai e a súa obra debían retornar a Galicia. E, por esta razón, entregou ao Consello da Cultura Galega os documentos que conservaba del: orixinais de contos ou de artigos de xornal, datos biográficos persoais, libros traducidos, números especiais de revistas..., ata os seus propios lentes chegaron no donativo feito por Himilce Novas, nun acto de xenerosidade que non é doado de corresponder, pero que moito lle agradecemos.

O noso compromiso é preservar este legado e contribuír á mellor difusión da obra de Lino Novás Calvo, de modo que esta figura galega, cubana e mesmo americana poderá ser mellor coñecida e estudada, das que estas xornadas non son máis que un primeiro paso.

LINO NOVÁS CALVO: EMIGRANTE E ESCRITOR

Que o escritor Lino Novás, considerado universalmente como un dos mestres do conto en lingua española, era cubano de formación e de inspiración literaria non ten ningunha dúbida, malia a morte «civil» que a súa obra padeceu na illa caribeña despois do seu exilio aos Estados Unidos en 1960. Un dos seus máis rendidos admiradores, Cabrera Infante, dixo nun artigo necrolóxico que «en sus cuentos se oye hablar a La Habana por primera vez en alta fidelidad» e non lle faltaba razón. Porque nos contos e relatos de Lino Novás están varias Habanas, pero sobre todo as populares e «afuerinas», aquelas que habitaban traballadores inmigrantes brancos e descendentes dos antigos escravos negros. Nunha desas Habanas tamén moraron moitos galegos chegados en masa á illa de Cuba despois da independencia.

Lino Novás foi un deses inmigrantes galegos, que con quince anos abandonou o seu fogar natal das Grañas do Sor para se facer un home en Cuba. Seguiu a peripecia de milleiros de emigrantes, que medraron en América económica e culturalmente. Novás Calvo nunca tivo diñeiro, pero a súa formación de autodidacta foi excelente, con dominio de idiomas e con pericia suficiente para ser un xornalista e un escritor de referencia. Nada disto aprendera na súa aldea das Grañas do Sor, máis que as primeiras letras e as catro regras. En Cuba, ademais, aprendeu a convivir coas moitas arestas que ten unha vida plenamente vivida. Era como se vía a si mesmo cando tiña menos de trinta anos: «con cuatro o cinco amoríos, siempre sin dinero, en mangas de camisa».

Pero Lino Novás sabía que era galego, en canto emigrante. Esta identidade foi fundamental na configuración da súa personalidade, porque sempre estivo a desgusto nos lugares que lle tocou vivir, fose en Cuba, na España republicana ou mesmo nos Estados Unidos. El mesmo se autodefiniu deste modo: «no soy español

ni cubano: soy un emigrante», pero un emigrante consciente, que sabía que nesta condición estaba o quión esencial da súa formación como persoa e como escritor, pois era esta condición de home de paso, algo desarraigado, a que lle permitía ter un estilo literario distinto, que consistía nesa capacidade singular de describir sentimentos, de ver o lado escuro da existencia e do pensamento das persoas. O crítico José María Valverde definiu a Novás Calvo como un escritor que, en cada conto, «se vaciaba de sí mismo». No fondo, era o que Lino lle contou á súa biógrafa Lorraine Elena Roses: «cuando uno escribe es como la araña, el hilo le sale de dentro».

Non era, pois, un emigrante típico, porque nin se asimilou de todo na sociedade cubana nin tampouco procurou recuperar unha identidade perdida, pasando os domingos con outros galegos nos xardíns da «Polar» ou da «Tropical». Quería ser algo diferente e para iso pasou por moitos oficios, botou un tempo de mocidade nos Estados Unidos e aceptou vir a España como correspondente de prensa. Tamén aquí tivo tempo de aprender o difícil que era retornar á súa aldea natal, onde visitou á súa familia e aproveitou para tratar de entender o que era aquel lugar que el deixara quince anos antes: falou de festas e de traballos no campo, cunha referencia pouco atinada ao traballo da muller, que lle provocou algúns desacordos con amigos da infancia. Logo tivo tempo de comprobar, no Madrid republicano e nos anos da Guerra Civil, ata onde podían chegar as fraquezas do xénero humano: el estivo uns días nunha checa por unha falsa denuncia e algúns parentes das Grañas do Sor «fueron a apedrear la casa de mi madre». Non estraña que volvese para Cuba totalmente cambiado, coma se fose outra persoa.

Non deixara de ser un emigrante e aínda non chegaba á condición de exiliado. Era emigrante porque mantiña a ferida íntima da súa infancia, de ser un fillo de solteira e de sentir o rexeitamento da sociedade aldeá na que el medrara como neno. Esa ferida non o abandonou durante toda a súa vida: «escribo por necesidad, porque algo me oprime». E moitas das figuras que inzan a súa prosa de escritor de contos, sen que teña un carácter estritamente autobiográfico, sangran por esa ferida: mulleres que, despois dun traspé sexual, se volven «malas»; homes que matan sen razón; familiares que antepoñen razóns políticas aos ditados do corazón. Un mundo de inxustizas que só un descrido podería contar, como acontece no conto «Fernández, al paredón», que o propio autor introduce cunha sentenza máis fatalista que cínica: «siempre ha habido ejecutores y ejecutados», realidade que un autor só pode denunciar.

Este enfoque da vida, estoico e algo humorista, é o que Novás Calvo entendía como o máis definitivo na formación do seu carácter. A súa cultura era cubana, pero «mi temperamento natural es del labriego gallego». Certamente, non é frecuente atopar un emigrante que reconeza esta cara da emigración. O típico é a ollada nostálxica e folclórica, medio enxebrista, que conta a tona das cousas. Lino Novás Calvo chega até o fondo e atopa o drama das xentes anónimas, aquelas que non teñen nome. Cando era novo anunciou que quería facer unha «novela campesina (de Galicia)» e, anos máis tarde, matizou que debía ser a novela «de las andanzas de un emigrante». Mágoa que non chegase a escribila, porque tería redimido a emigración da marca dunha literatura superficial da que non se dá liberado.

Lino Novás foi un deses emigrantes que tiña tanta saudade do seu lugar mítico que non quixo retornar a el. Pero sabemos que nunca perdeu a identidade de galego emigrante, exiliado e revoltado contra poderes e situacións. Sendo xa un vello medio eivado, paseaba polo baixo Manhattan na procura de restaurantes galegos onde comer algo que lle calmara a morriña que levaba no seu corazón «desde hacía tanto tiempo», en palabras da súa biógrafa Lorraine Elena Roses. Talvez por iso estaba escrito que, coma todo emigrante, había de retornar á súa Ítaca. Pero foi despois de morto e grazas á xenerosidade da súa filla, Himilce Novas del Portal, que confiou no Consello da Cultura Galega para devolver a Galicia o que conservaba do legado literario e intelectual do seu pai. Beizón.

Ramón Villares

Consello da Cultura Galega

Universidade de Santiago de Compostela